

"Call for papers": Normas de presentación de traballos

A matrícula no simposio é gratuíta, podendo participar nas sesións todos aqueles investigadores e investigadoras que presenten un traballo para ser exposto no apartado de comunicación libres na xornada que a organización designe.

Todos os traballos presentados deberán versar sobre as temáticas do Simposio, ser orixinais e inéditos, estar escritos en galego, castelán ou portugués e ser aprobados previamente polo Comité científico.

Para solicitar a súa participación no Simposio, os interesados ou interesadas deberán remitir ao enderezo eixeatlantico@gmail.com un correo electrónico onde figure o seu nome, DNI, teléfono de contacto e vinculación cunha institución académica ou investigadora, título do traballo proposto e un breve resumo (10 liñas/300 palabras) do seu contido. A data límite para remitir propostas de título e o resumo do traballo é o **30 de setembro**.

As comunicación libres terán una extensión máxima de 20 páxinas en Times New Roman 12, debendo adaptarse na súa exposición pública ó tempo que a organización ditamine en función das propostas recibidas. Os criterios de edición serán os mesmos que os adoptados pola revista *Quintana* do Departamento de Historia da Arte da USC: <http://www.usc.es/gl/departamentos/arte/quintana/normas-articulos.html>

Unha vez recibidas todas as propostas, o Comité reunirase para autorizar ou desestimar as diferentes solicitudes que integrarán o Simposio, sendo a súa decisión inapelable. Así mesmo, o Comité poder suxerir as puntualizacións que estime oportunas en canto a títulos e contidos.

Antes do **14 de novembro**, as autoras e autores previamente admitidos deberán remitir o traballo que vaian expoñer completo, en formato PDF, para ser enviado pola organización a todos os participantes favorecendo a súa lectura previa ás sesións de debate. Rematado o Simposio, as investigadoras e investigadores participantes contarán cun breve prazo tempo para realizar os cambios que estimen oportunos e entregar a versión definitiva destinada á súa publicación

Rematado o Simposio, a organización emitirá unha certificación de participación no mesmo, onde constará o título do traballo presentado.